



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA E O PADROADO DO MUSEO DO POBO GALEGO PARA O FINANCIAMENTO DURANTE O ANO 2018 DE PARTE DOS SEUS GASTOS CORRENTES, DAS ACTIVIDADES CULTURAIS E OUTROS GASTOS DE CAPITAL.

A directora xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura el Turismo, DECLARA:

Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, formalizou co Museo do Pobo Galego o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 15 de decembro de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

É obxecto do presente convenio entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Padroado do Museo do Pobo Galego, a colaboración **para o financiamento durante o ano 2018 de parte dos seus gastos correntes de funcionamento, así como a realización de actividades culturais, investimentos e outros gastos de capital recollidos no Programa de Actividades que se acompaña con este convenio.**

Que o instrumento convencional asinado se fundamenta no seguinte:

Este convenio terá por obxecto contribuír ao financiamento de parte dos seus gastos de persoal así como doutros gastos para o funcionamento ordinario do museo e participar no financiamento do programa de investimentos previsto polo museo para o ano 2018, no que se recolle a realización de obras e instalacións nas dependencias do museo, exposicións, actividades didácticas, actividades propias de conservación, biblioteca, educación e accións culturais, publicacións e comunicacións.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia financiará as actividades descritas con cargo á aplicación orzamentaria **10.21.432A.481.1 e 10.21.432A.781.1** dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, cunha achega máxima de **297.800 €** no ano 2018.

De acordo co artigo 26 da Lei de subvencións de Galicia, para o outorgamento desta subvención non é posible promover a concorrência pública, por canto o Museo do Pobo Galego é considerado como cabeceira espiritual e simbólica da rede de museos antropolóxicos de Galicia e ten recoñecida a competencia para actuar como centro sintetizador de todos os museos e coleccións, públicos e privados, integrados no sistema galego de museos destinados ao estudo, promoción e difusión do patrimonio histórico-antropolóxico de Galicia. Dado o seu marcado carácter singular, no estado de gastos dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018 recóllese unha subvención a favor do Padroado do Museo do Pobo Galego.





Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que así conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela

